

# PROXECTO LECTOR CEIP TORRE ILLA

**ELABORACIÓN: CURSO 2012**  
**REVISIÓN: MAIO DE 2021**



Introducción	1
Obxectivos xerais	2
Obxectivos específicos	5
Compromisos e metodoloxía	8
Actuacións do profesorado	9
Actuacións da biblioteca	11
Itinerarios lectores	14
Temporalización	16
Fases para o desenvolvemento	18
Criterios de avaliación.	21
Fundamentos lexislativos	23

## **PROXECTO LECTOR CEIP TORRE ILLA**

O Fomento da Lectura constitúe unha das liñas fundamentais da filosofía do noso Centro, polo recoñecemento que a lectura ten como competencia básica na aprendizaxe e na formación integral do noso alumnado, así como principal vía de acceso ao coñecemento e á cultura.

O valor da lectura é insustituible. Sen ela non é posible comprender a información contida nos textos e asimilala de modo crítico. A lectura estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto.

Na actual sociedade da comunicación, caracterizada pola sobreabundancia de datos, a lectura comprensiva, e a selección de fontes de información, ten un papel clave para converter a información en coñecemento.

Dada a transcendencia da lectura na conformación do individuo e, xa que logo, da sociedade a adquisición e consolidación do hábito lector desde todas as áreas e todos os niveis é fundamental, así como desenvolver a comprensión lectora do modo máis armónico e eficaz posible.

A biblioteca do centro é un recurso fundamental no desenvolvemento do noso proxecto lector. Fonte de coñecemento e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe, ao mesmo tempo que espacio para o fomento da imaxinación e a creatividade, que se convirte en tempo de lecer co préstamo bibliotecario. Tendo en conta estas consideracións, a biblioteca do CEIP Torre-Illa será parte fundamental para o desenvolvemento do noso Proxecto Lector e ademais o eixe de partida do PDI do centro.

## **ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA**

Un dos principios que se puxeron de manifesto no CEIP Torre-Illa ata o de agora foi o de dar continuidade e coherencia ao proceso de ensino–aprendizaxe na lectura ao longo das diferentes etapas e ciclos educativos, así coma nos aspectos fundamentais da animación á lectura. A coordinación precisa quedaba reflectida nas reunións de niveis, así como as entrevistas coa escola de Educación Infantil “Sonrisas y Lágrimas” por parte do D.O., xa que boa parte do alumnado que cursa 1º curso do 1º ciclo de E.P. provén deste centro.

A animación á lectura e o gusto polos libros é unha das constantes do proceso de ensino-aprendizaxe no noso centro. Isto reflíctese no elevado préstamo da biblioteca, e o interese que despertan as actividades de animación á lectura que se veñen desenvolvendo estes anos. Bótase en falta, en ocasións, a institucionalización dalgunhas destas actividades innovadoras, que quedan moitas veces como experiencias illadas.

Estas actividades complementáanse coas que o profesorado desenvolve nas aulas. Trabállase con diversidade de tipos de textos, cumprindo as pautas de lectura diaria que determina a lexislación. Aínda que se bota en falta a existencia de bibliotecas de aula máis amplas e con diversidade de libros de consulta e lectura, agás en Educación Infantil, que conta cunha ampla variedade de libros axeitados á idade.

A biblioteca é o recurso máis valioso co que conta tanto o profesorado coma o alumnado do centro en canto a diversidade bibliográfica e documental. Nos últimos anos atendeuse á necesidade de renovación da mesma comezando por unha ardua tarefa de expurgo seguida dunha renovación bibliográfica baseada nas preferencias do alumnado e suxerencias do profesorado, e tamén un cambio no deseño dos espazos

da mesma, buscando máis apertura, accesibilidade, ... nun ambiente diáfano, acolledor e motivador.

### **OBXECTIVOS XERAIS**

- 1.- Lograr acordos e unificar criterios e actuacións de todo o profesorado no desenvolvemento e fomento da lectura.
- 2.-Valorar os libros e a lectura como un ben cultural e educativo e promover con todos os medios e recursos dispoñibles a lectura e a utilización dos libros como una fonte de aprendizaxe e de pracer intelectual, incluíndo sempre as diferentes tipoloxías textuais, e tendo en conta o que ao respecto indican as leis vixentes.
- 3.-Traballar por conquistar un nivel óptimo nas destrezas da lectura, contemplando a interrelación e complementariedade entre os procesos lector e escritor.
- 4.-Practicar a escrita da man da lectura centrándose no fin de que o alumnado sexa quen de **crear** por si mesmo en diferentes soportes, sendo quen de escribir o que le. Para isto é importante combinar nos procesos de ensino e aprendizaxe ambas realidades. A importancia da escrita debe estar centrada en que o alumnado teña moitas e variadas experiencias escritoras onde poida satisfacer o seu desexo de inventar, contar, narrar, describir, publicitar, informar...dende a súa perspectiva e dende o seu propio ritmo de aprendizaxe. Así mesmo, deben estar estreitamente ligadas ás variadas tipoloxías de textos existentes.
- 5.-Exercitar a lectura de imaxes, o manexo das TIC, e de todos os aparellos actuais que facilitan a comunicación. Alfabetizar en todos estes aspectos ao alumnado, para que saiban manexarse e defenderse no mundo contemporáneo, tendo en conta o obxectivo do plan LIA “Alfabetizacións múltiples”, segundo o Consello de Europa de 2012,

unha persoa alfabetizada é aquela que: amosa comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información (abarcando todos os soportes).

Algunhas liñas a desenvolver para integrar as alfabetizacións múltiples á biblioteca poderán ser:

- Impulsar a investigación e formación do profesorado en alfabetizacións múltiples.
- Introducción da robótica e das aprendizaxes por manipulación, por exemplo a través do programa: Escornabots na biblioteca escolar.
- Incorporar a biblioteca á plataforma do libro dixital, GaliciaLe.

6. Fomentar a sintonía, colaboración e coordinación entre o Equipo de Biblioteca, o Equipo de Normalización Lingüística, os demais equipos, departamentos e ciclos, así como de todo o profesorado en xeral en todos estes aspectos relacionados coa lectura.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- 1.- Programar as accións e actividades que promovan a lectura comprensiva e a mellora da produción de textos, así como o fomento do hábito lector.
- 2.- Implicar ao conxunto das áreas e materias na búsqueda dunha maior competencia na lectura.
- 3.-Articular medidas para detectar deficiencias no proceso lecto-escritor para poder artellar medidas correctoras a tempo, planificando e programando as actividades pertinentes de recuperación e de mellora en combinación co Departamento de Orientación, potenciando o obxectivo do plan LIA, “biblioteca inclusiva”. A biblioteca realizará prácticas integradoras que pretendan paliar a exclusión e contribúan á eliminación do fracaso escolar, buscando erradicar as desigualdades. Algunhas liñas que poderán desenvolver os Plans Anuais de Lectura para lograr unha biblioteca inclusiva son:
  - Programa Bibliotecas Escolares Solidarias, que conta coa iniciativa, VOLUNTARIADO – A, para alumnos de 5º e 6º de EP.
  - Aumentar a presenza e equipamentos e materiais adaptados ás necesidades do alumnado con NEE.

- Señalización da biblioteca que facilite a comprensión por parte de todo o alumnado, incidindo naquel con problemas de lectura.
  - Poñer en marcha enfoques de LECTURA FÁCIL, destinados a facilitar a lectura ao alumnado con NEAE.
- 4.- Acadar recursos didácticos e pedagóxicos sobre lecto-escritura para optimizar os niveis de capacidade na mesma.
  - 5.-Desenvolver as destrezas para ler textos en soporte electrónico e as habilidades para avaliar, buscar e seleccionar a información e transformala en coñecemento.
  - 6.-No marco da Biblioteca, estimular o contacto temperá cos libros e con escritores para fomentar o gusto pola lectura, dende o alumnado máis novo de Educación Infantil ata os maiores de Educación Primaria.
  - 7.-Utilizar a prensa escrita e os medios de comunicación como recursos valiosos para a promoción da lecto-escritura.
  - 8.- Converter a biblioteca do centro nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e escritora e para o fomento da lectura en toda a comunidade educativa. Potenciarase a biblioteca como centro creativo de aprendizaxes, procurando conseguir unha biblioteca escolar que ofrezca espazos, actividades e oportunidades, para unha variedade ampla de experiencias e que permitan construír novas realidades. Reforzarase o concepto de biblioteca escolar como: Laboratorio creativo de aprendizaxes. Con modelos como Learning commons (espazos para favorecer o traballo colaborativo) e Makerspaces ( robótica...)
  - 9.- Determinar actividades para colaborar con distintas entidades tanto públicas como privadas sen ánimo de lucro que contribúan a estimulación e promoción da lectura e a escritura no noso alumnado, con especial mención á Administración Educativa en todos os seus



niveis, á Xunta de Galicia nas súas distintas Consellerías, especialmente á de Cultura, á Biblioteca Pública Municipal da Illa de Arousa, á Biblioteca Provincial, ao Museo de Pontevedra...

- 10.- Mellorar as bibliotecas de aula para que o alumnado teña acceso a materiais impresos de alto valor educativo.

### **OBXECTIVOS DO ALUMNADO**

- Desenvolver a comprensión e expresión oral conforme ao seu momento evolutivo.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entonación adecuadas.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, e escribir en diferentes soportes respetando os estilos de cada tipoloxía textual.
- Utilizar a lectura e a escritura creativa como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.
- Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura e a escritura como medio de goce e información, á vez que de enriquecemento persoal.
- Utilizar a Biblioteca para a procura de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo e aprendizaxe.
- Ler varios libros de diferentes autores relevantes ao termo de cada ciclo, así como diferentes tipos de textos de extensión variable, tanto por indicación do mestre como por iniciativa propia. (Para isto será fundamental a posta en marcha dos “itinerarios lectores”).

### **COMPROMISOS**

- Cada mestra e mestre, no seu ámbito de actuación co alumnado, promoverá e esixirá o grao de competencia lectora que se corresponda co nivel e coa idade de cada alumno/a, adoptando as medidas didácticas e pedagóxicas que se estimen oportunas para o axeitado grao de adquisición da lecto-escritura, coordinando accións cos demais profesores e cos equipos e departamentos correspondentes.
- A lectura comprensiva é unha ferramenta que todas as áreas precisan e que deben desenvolver para acadar un nivel óptimo.
- O uso da biblioteca escolar e, máis polo miúdo, do préstamo bibliotecario, é unha das ferramentas prioritarias para acadar o fomento do hábito lector entre o noso alumnado.
- As actuacións do proxecto lector, recollidas no plan anual de lectura e nas programacións docentes son elemento clave para o desenvolvemento das materias.

### **METODOLOXÍA**

O enfoque das actuacións recollidas neste Proxecto Lector será integrador, cooperativo, funcional e comunicativo, favorecendo lectores e lectoras competentes capaces de comprender, analizar e interpretar diversidade de tipos de textos e xéneros discursivos; Así como formar persoas capaces de aprender a aprender buscando información e documentación variada.

As actuacións serán coordinadas polo Mestre responsable da biblioteca escolar baixo supervisión da xefatura de estudos.

### **ACTUACIÓNS XERAIS DO PROFESORADO**

- Facilitar o deseño e desenvolvemento de todo tipo de actividades que acheguen ao alumnado e á comunidade educativa á lectura.
- Desenvolver actividades de fomento da lectura: encontro con escritores, artistas e profesionais relacionados co mundo da lectura e dos libros.
- Exposición de materiais documentais e bibliográficos sobre distintos temas.
- Visitas e viaxes culturais a lugares e centros significativos dende o punto de vista da lectura e da escritura. Roteiros literarios.
- Obradoiros de poesía, contos, teatro, cómics, lendas, tradición oral, obradoiro de radio (Radio Carcamán)...
- Reforzar a adquisición da competencia ALFIN/AMI, formando ao alumnado para que desenvolva con eficacia destrezas e estratexias no uso, tratamento, avaliación e produción de información e como recolle o Decreto 105/2014 no artigo 18.
- Potenciar a participación na Radio Carcamán, a radio escolar do centro, como medio valioso para mellorar a competencia en comunicación lingüística e a competencia AMI en xeral.
- Confección de monografías, de libros colectivos...
- Empregos das TIC e dos programas informáticos que promovan e faciliten a lectura e a escritura. (Préstamo de E-BOOKS no último curso de primaria, uso de tablets e ordenadores na biblioteca...).
- Non perder ningunha oportunidade para achegar ao alumnado á práctica activa da lectura e da escritura. Ensinar as características cos principais

estílos e xeneros literarios (narración, descrición, poesía, dramaturxia, oratoria...).

- Práctica do teatro escolar.
- Participar na organización e dinamización da Biblioteca Escolar.
- Promover a lectura e a escritura nas aulas. Organizar as Bibliotecas de Aulas.
- Apoiar e estimular ao alumnado colaborador da Biblioteca.
- Actividades nas que os profesores lles lean aos nenos e nenas.
- Que os nenos/as preparen lecturas para realizalas diante doutros nenos e nenas. (Posta en marcha do “apadriñamento lector”).
  - Fomentar a calidade na lectura, facer sesións públicas de lectura.
- Maratóns de lectura sobre distintos autores ou temas.
- Traballar en cada curso o autor/a ao que se lle adique o Día das Letras Galegas, en colaboración co Equipo de Normalización Lingüística.
- Programar actividades de mellora na competencia lectora.
- Que a lectura e os libros sexan algo central na actividade cotiá do noso centro. Para iso que a biblioteca sexa o eixe de partida para o PDI DO centro é de gran axuda.
- Contemplan que as persoas de relevancia que visiten o centro narren ao alumnado a súa experiencia lectura, cando sexa oportuno e conveniente, dadas as características do personaxe.
- Programación da semana do libro, con actividades relacionadas cos libros e a lectura: exposicións, lecturas conxuntas...
- Potenciar en E.I. o gusto polos libros e a lectura, con sesións semanais de lectura de contos a todos os cursos xuntos.

## **ACTUACIÓNS DA BIBLIOTECA**

-Organización e catalogación dos fondos da biblioteca escolar cun deseño adaptado ao alumnado.

- . Clasificación de armarios e seccións.
- . Señalización e rotulación de seccións e temas.
- . Colocación de etiquetas seguindo os patróns da CDU.

-Rexistro informatizado dos materiais da Biblioteca Escolar.

-Entrada, rexistro e etiquetaxe dos materiais chegados ao Centro dos diferentes organismos, consellerías, editoriais e todos os adquiridos polo Centro.

-Confección de materiais: fichas de libros e material audiovisual, fichas persoais de lectura, separadores...

- Aumentar as coleccións de 25 libros iguais para ampliar a diversidade de lecturas nas aulas e apoiar os Itinerarios Lectores.

-Organización das Bibliotecas de aula no Centro, proporcionando caixas con libros partindo dunha consulta previa ao alumnado e profesorado sobre as súas preferencias e necesidades.

-Elaborar caderniños sinxelos adaptados aos diferentes niveis do alumnado do centro que expliquen cómo está organizada a biblioteca e que recursos poden ser empregados segundo a idade.

-Integración dos obxectivos e funcións da biblioteca escolar no proxecto educativo do centro.

-Crear distintos ficheiros de consulta: ficheiro de libros, ficheiros de lecturas persoais e de datos dos lectores.

-Utilización da biblioteca durante o horario escolar, como lugar de lectura e estudo dirixido, así como para o traballo persoal.

-Servicio de préstamo a alumnado e profesorado, podendo extenderse ao resto da comunidade educativa.

-Establecer, en horario lectivo, un servizo de biblioteca escolar a todos os cursos do centro, acordado no Claustro e en coordinación cos ciclos (cada titor/a terá unha visita dunha hora semanal á biblioteca cunha actividade planificada).

-Confección dunha folla de recomendacións de lecturas para todos os niveis (Nadal e fin de curso).

-Implicación de pais e nais. Desde a biblioteca, desde o centro, por medio de follas informativas, o blog, cartaces e boletíns, informarase aos pais e nais de:

- . Horarios e actividades da biblioteca escolar.

- . Características dos libros según idade, intereses e niveis.

- . Títulos e temas actualizados por medios de recomendacións e suxestións da biblioteca escolar dirixida a alumnos, profesores e pais.

- . Noticias e novidades en torno ao mundo do libro infantil e xuvenil.

Lograr a implicación da familia no proceso de E/A potencia a experiencia educativa do alumnado e facilita a labor dos centros nese proceso. Dende a biblioteca pódense realizar actuacións que favorecen esta dinámica como por exemplo:

- Organizar actividades para as familias na biblioteca.

- Preparar espazos de lectura específicos para as familias.

- Implicándoas en actividades de lectura.

Ademais, o plan LIA propón:

- Diseñar campañas para o fomento da lectura en familia.
- Promover a celebración da “Semana da lectura en familia”, con orientacións para a celebración na biblioteca.
- Promover o voluntariado das familias na xestión e dinamización das bibliotecas, reforzando o programa de Bibliotecas Escolares Solidarias.
- Inclusión no Plan de Centro e na Memoria do conxunto de actividades, actuacións e intervencións da biblioteca para a súa aprobación polo Claustro e o Consello Escolar.
- Realización de concursos e certames.
- Guías de lecturas e selección de libros para o Día do Libro, Día das Letras Galegas e outras efemérides.
- Apoio da biblioteca a tódalas actividades organizadas polo Centro (día da paz, samaín, magosto, entroido, nadal...)
- Apoio na preparación de visitas culturais e excursións pola provincia ou por cidades de Galicia, incluídas as actividades extraescolares do Plan de Centro.
- Todos os anos prever o incremento considerable dos fondos bibliográficos e a súa renovación. Solicitar a distintas entidades que posúan fondos para a súa distribución nos acheguen os máis axeitados ao noso alumnado e ás nosas necesidades.
- Celebración da semana da prensa na escola: traballando coa prensa escrita e dixital e potenciando actividades e a presenza da prensa na escola.

- Programación da semana do libro, con actividades relacionadas cos libros e a lectura: exposicións, lecturas conxuntas...
- Formación de usuarios competentes para atopar información e bibliografía na biblioteca, así como para aproveitar os recursos electrónicos que a biblioteca pon á súa disposición en Internet.
- Establecer “itinerarios lectores” como percorridos que o alumnado realizará durante o seu paso polas etapas de Educación Infantil e Primaria, garantíndolle así unha selección de lecturas en varios idiomas, entre as que se inclúen diferentes autores e obras relevantes, así como, diversas tipoloxías textuais e temáticas, sempre adecuadas a cada nivel.

Preténdese que sexan unha guía para os mestres e que o alumnado acade unha formación lectora completa, unida sempre ao proceso escritor, ademais de fomentar un hábito lector persoal dende o punto de vista formativo como dende o de disfrute persoal.

**Os itinerarios lectores** favorecerán tamén o desenvolvemento da competencia lingüística, a comprensión lectora, unha actitude reflexiva e crítica, a capacidade creativa, ademais de potenciar o uso e dinamización da biblioteca do centro.

CURSO.	ITINERARIOS LECTORES
INFANTIL	O monstro de cores. Anna Llenas Serra. E que podo facer eu? José Campanari. A que sabe a Lúa? Michael Grejniec. A cebra Camila. Marisa Núñez. Cuando las niñas vuelan alto. Raquel Díaz Requera.
1º PRIMARIA	A bruxa que comía as palabras bonitas. Antonio Rodríguez Almodóvar. La cosa que más duele del mundo. Paco Liván.



	A galiña azul – Carlos Casares.
2º PRIMARIA	Feliz Feroz. O lobiño riquiño. El Hematocrítico, Miguel López. Contos con letras. Gloria Sánchez. (POESÍA) El oso cansado. Rafael Salmerón e Concha López Narváez.
3º PRIMARIA	A cabana na árbore. Gillian Cross. Ricardo o escultor. Gianni Rodari. O meu gato é un poeta. Fran Alonso. (POESÍA)
4º PRIMARIA	Palabras de caramelo. Gonzalo Moure. (LENGUA CASTELLANA) O misterio dos fillos de Lúa. Fina Casalderrey. O meu nome é Skywalker. Agustín Fernández Paz.
5º PRIMARIA	El principito. Antoine de Saint-Exupéry. (CÓMIC). O meu pesadelo favorito. María Solar. Ai mamasiña, que medo! Chus Pereiro. (TEATRO).
6º PRIMARIA	Nata y chocolate/ ¡Nata y chocolate invencibles! Alicia Borrás. O agasallo de Anya. Sabela Núñez Singala. Cuentos en verso para niños perversos. Roald Dahl. (POESÍA).

CURSO.	RECOMENDACIÓNS EN INGLÉS.
4º INFANTIL	Please, Mr. Panda Shh! We have a plan.
5º INFANTIL	Brown Bear, Brown Bear, What do you see? Press here. (Hervé Tullet).
6º INFANTIL	Dear Zoo Don` t let the Pigeon drive the bus.

1º PRIMARIA	Washing line The way I feel
2º PRIMARIA	Shark in the park. Pete the Cat. Too cool for school.
3º PRIMARIA	The day the crayons quit. The Gruffalo.
4º PRIMARIA	What is that noise? (OXFORD OWL).
5º PRIMARIA	The magic paintbrush (OXFORD OWL).
6º PRIMARIA	Hide ans cheat (OXFORD OWL).

### **TEMPORALIZACIÓN**

Moitas das actuacións que se recollen neste proxecto son propostas que deben integrarse nas formulacións didácticas e metodolóxicas que se desenvolven nos procesos de ensino aprendizaxe co noso alumnado dentro das aulas e nas actividades que se propoñen dende os diferentes equipos: Normalización e Dinamización Lingüística, Actividades Extraescolares e Biblioteca. Dende este último, as actividades anuais se concretarán no Plan Anual Lector, que se integrará na Programación Xeral Anual do centro.

De todos os xeitos, a planificación para os tres cursos vindeiros pódese resumir a grandes rasgos no seguinte cadro:

<b><u>PLANIFICACIÓN XERAL ACTIVIDADES</u></b>		
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>AXENTES</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliación inicial da lectura.</li> </ul>	Titores/as	Inicio do curso, 1º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xornada de portas abertas: Formación usuarios biblioteca</li> </ul>	Equipo de Biblioteca	Inicio do curso, 1º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración carnets biblioteca</li> </ul>	Equipo Biblioteca	Inicio do curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mochilas viaxeiras</li> </ul>	Biblioteca e titores/as	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lecturas en diversos textos e soportes</li> </ul>	Todo o profesorado	Todo o curso, todos os días
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contacontos E.I.</li> </ul>	Mestras E.I.	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organización da biblioteca e avanzar na adaptación á CDU e eixe vertebrador do PDI.</li> </ul>	Equipo de Biblioteca	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informatización MEIGA e expurgo.</li> </ul>	Equipo Biblioteca	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Semana da prensa na escola</li> </ul>	Biblioteca, Todo o claustro	2º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Préstamo bibliotecario</li> </ul>	Equipo Biblioteca	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actos e saídas de fomento da lectura</li> </ul>	Todo o claustro	Ao longo do curso
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Día das Letras Galegas</li> </ul>	ENDL, Todo o claustro	3º trimestre
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Día do Libro</li> </ul>	Biblioteca, Titores	
	Biblioteca, todo o claustro	3º trimestre.

## **FASES PARA A POSTA EN MARCHA E O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.**

### **1ª FASE: CURSO 2021-2022:**

Analizada a situación de partida e despois de expurgar parte dos fondos da biblioteca, continuaremos con esta tarefa e tamén coa catalogación das novas adquisicións que se mercaron, como todos os cursos, para tratar de ter unha biblioteca actualizada, interesante e motivadora, poñendo o foco este curso na renovación dos fondos de consulta. Tamén se pretende engadir novas sección como a de Francés, “Creacións propias”, Lectura Fácil, ademais dunha sección xa en marcha de “Xogos de lóxica”. Comezaremos coa posta en marcha das novas actividades recollidas no Proxecto Lector: os Itinerarios Lectores e o Apadriñamento e Amadriñamento Lector, comezando por mercar algunhas coleccións máis de 25 exemplares para favorecer a posta en práctica dos primeiros.

Estableceremos un equipo de biblioteca o máis estable posible para asegurar a continuidade do traballo.

Despois deste traballo fíxose unha análise en profundidade dos espazos, detectándose a necesidade de moitos cambios, algún xa en marcha, e que será o obxectivo primordial destes vindeiros cursos. Búscase que a biblioteca sexa un espazo motivador e acolledor, á vez que tranquilo e accesible a todo tipo de alumnado.

Continuamos as actividades de formación de usuarios e dinamización da lectura: Carpeta e mochila viaxeira, xornada de portas abertas, día do libro e semana da prensa na escola.

Tamén seguiremos potenciando a actividade do blog da biblioteca para que aumenten as visitas e a participación nas diferentes actividades que se proponen e a consulta dos diferentes recursos.

**2ª FASE: CURSO 2022-2023.**

Nesta fase continuaríamos co expurgo e adecuación de espazos aos novos obxectivos, tentando renovar o mobiliario que se precise na medida das nosas posibilidades, así como continuar coa mellora e ampliación dos nosos fondos bibliográficos e audiovisuais, sobre todo orientados á creación das novas seccións anteriormente mencionadas.

Potenciarase a formación de usuarios para dar a coñecer os recursos electrónicos dos que dispón a biblioteca, sobre todo a consulta de fondos a través do catálogo virtual da biblioteca.

Tamén a animación á lectura será un obxectivo primordial coas diversas actividades comentadas no proxecto, dando moito protagonismo ao alumnado voluntario do terceiro ciclo.

### **3ª FASE: CURSOS 2023 E SEGUINTE.**

Nesta fase tentaremos que tanto os espazos da biblioteca como os fondos estén xa adaptados aos obxectivos que se fixaron anteriormente e se lle dará continuidade as actividades iniciadas nas fases anteriores, centrándonos nas novas como poden ser o establecemento e posta en práctica dos Itinerarios Lectores e do Apadriñamento e Amadriñamento Lector.

Tamén estudiaremos as carencias do posto en práctica e afondaremos na formación do profesorado e alumnado respecto á biblioteca escolar.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **Respecto ao profesorado:**

- O uso da biblioteca escolar nas súas programacións de aula e de área.
- Consultas realizadas ao responsable da biblioteca escolar.
- A utilización dos libros e documentación situadas temporalmente nas aulas.
- Grao de colaboración e participación nas actividades complementarias e extraescolares.
- Formacións realizadas neste ámbito.

### **Respecto a nais, pais e a comunidade:**

- Participación nas actividades na aula e biblioteca.
- Coñecemento dos obxectivos do programa.
- Colaboración regular coa biblioteca.

### **Respecto ao alumnado:**

- Índice de lectura e hábito creado a través das consultas de lecturas.
- Grao de utilización dos recursos das seccións documentais da aula e biblioteca escolar (empréstimo individual da biblioteca central, seccións documentais).
- Valoración dos textos propios e do dominio de lecturas diversas.
- Accesos á sección web da biblioteca na páxina do MEIGA.

- Participación nas actividades extraescolares.

**Respecto ao proxecto:**

- Os apoios recibidos para a implantación do proxecto no centro.
- Grao da utilización do servizo de empréstitos da biblioteca central.
- Información ofrecida á comunidade pola biblioteca respecto ás actividades a través de revista escolar, boletíns, web do centro, blog...
- Vías de difusión utilizadas para o coñecemento das producións escritas e actividades realizadas polo alumnado.



## **FUNDAMENTOS LEXISLATIVOS**

- LOE, Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 03/05/2006, BOE, 04/05/2006.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- PREÁMBULO: no segundo ciclo (de educación Infantil) fomentárase unha primeira aproximación á lecto-escritura.
- Art. 113. Bibliotecas escolares.
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da componente singular do complemento específico por función titorial e outras función docentes.
- Art.9: A biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos en todas as áreas pois:
  - Facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino e aprendizaxe.
  - Favorece un uso contextualizado das tecnoloxías de comunicación e da información.
  - Resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura de todo tipo de textos en diferentes formatos.
- \*Art.8: Entre as dinamizacións específicas que deben crearse nos centros educativos, destacamos a Dinamización de Biblioteca.

PREÁMBULO: Adicárase un tempo diario á lectura e establécese que a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a creación artística, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade e do espírito científico se traballarán en todas as áreas de educación primaria.

Artigo 113. Bibliotecas escolares.

1. Os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar.
2. As Administracións educativas completarán a dotación das bibliotecas dos centros públicos de forma progresiva. A tal fin elaborarán un plan que permita acadar dito obxectivo dentro do período de implantación da presente Lei.
3. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumno acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no uso crítico dos mesmos. Igualmente, contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3 e 26.2 da presente Lei.
4. A organización das bibliotecas escolares deberá permitir que funcionen como un espazo aberto á comunidade educativa dos centros respectivos.
5. Os centros poden chegar a acordos cos municipios respectivos, para o uso de bibliotecas municipais coas finalidades previstas neste artigo.

- DECRETO 105/2014 de 4 de setembro.

Artigo 15.4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

Artigo 18. Bibliotecas escolares e lectura:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu PE un programa de centro de promoción da lectura, no que se integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso,

no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na PXA.

3. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector), centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

\* ANEXO II (parte das linguas). –Bloques de ler e escribir, alusións ás bibliotecas-.

\* ANEXO III. Plano lector.